



## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE CONVOCAN PROBAS DE ACCESO ÁS ENSEÑANZAS SUPERIORES DE MÚSICA, NA ESPECIALIDADE DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN, NO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO PARA O CURSO 2017-2018.

O Decreto 163/2015, do 29 de outubro, establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de música na Comunidade Autónoma de Galicia, definindo, no seu artigo 5, as particularidades para o desenvolvemento das probas de acceso a ditas ensinanzas. Asemade, o Decreto 171/2016, do 24 de novembro, establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios.

Na Resolución do 4 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ditáronse instrucións para o acceso e admisión do alumnado aos conservatorios superiores de Música para o curso 2017/18, sen que na dita resolución se incluíran as probas para o acceso á especialidade de Produción e Xestión.

Vista a solicitude presentada dende o Conservatorio Superior de Música de Vigo para ofertar a especialidade de Produción e Xestión no curso 2017/18, e tendo en conta a dispoñibilidade de prazas no dito centro, cómpre establecer un novo proceso de admisión para a dita especialidade, polo que esta Dirección Xeral **RESOLVE** autorizar a realización de probas de acceso ás ensinanzas superiores de música na especialidade de Produción e Xestión no Conservatorio Superior de Música de Vigo, en convocatoria de setembro.

As ditas probas realizaranse de acordo co establecido na citada Resolución do 4 de maio de 2017, e serán administradas, avaliadas e cualificadas polos tribunais e nas datas que se indican no anexo á presente instrución.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López





## ANEXO

### Calendario:

- Formalización de inscricións: 1 e 4 de setembro
- Publicación de admitidos/as: 5 de setembro
- Probas: 7 e 8 de setembro
- Listaxe provisional de admitidos/as: 11 de setembro
- Listaxe definitiva e formalización de matrícula: 12 de setembro

### Desenvolvemento das probas:

O Conservatorio organizará a distribución horaria e de espazos de actuación do tribunal de acordo co calendario establecido pola *RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado aos conservatorios superiores de Música para o curso 2017/18.*

Será competencia do tribunal a organización das convocatorias das distintas partes que compoñen a proba e deberán comunicarlles aos/as interesados/as no momento da presentación.

Especialidade: Producción e Xestión. A proba consistirá:

- Parte A: no desenvolvemento por escrito dunha proposta de proxecto, a partir dun suposto proposto polo tribunal.
- Parte B: no desenvolvemento e posterior defensa oral dun tema vinculado a unha cuestión relacionada coa xestión de políticas culturais do contorno musical. Poderase escoller un tema de entre dous propostos polo tribunal.
- Parte C: na análise formal e estética dunha obra proposta polo tribunal.
- Parte D: na interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a.

### Tribunal Cmus Superior de Vigo

#### Producción e Xestión

Presidente: Alonso Monteagudo, Julio  
Vogais: Cantal Mariño, José Antonio, Relova Quinteiro, Roberto F.  
Suplentes: Jurado Luque, Javier, Costa Vázquez, Luis